



## GUÍA DOCENTE DE IMPROVISACIÓN E ACOMPAÑAMENTO (I-IV)

## ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, do 29 de outubro)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: PIANO APLICADO I-IV (COMPOSICIÓN E PEDAGOXÍA)										
ESPECIALIDADE	Interpretación				ITINERARIO				Piano	
CARÁCTER	Obrigatoria				TIPO DE CLASE				Colectiva	
CURSOS	1º curso		2º curso		3º curso		4º curso		DEPARTAMENTO	PROCEDEMENTOS
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	1 h.
ECTS/CUAD.	1,5	1,5	1,5	1,5					Observacións:	-----

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRIPTOR:	Desenvolvemento da capacidades que permitan a práctica da improvisación nun instrumento polifónico a través do coñecemento dos elementos e procedementos construtivos. Principios básicos do acompañamento nos diferentes estilos e en diferentes formacións intrumentais. Práctica do baixo cifrado.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Todos os coñecementos pianísticos e harmónicos anteriores.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	Aínda que, en principio, a improvisación musical significa facer un traballo, paxase..etc; sen telo planificado con antelación, é imposible facer una improvisación de certo nivel sen antes estudar as ferramentas necesarias para a súa realización exitosa. Estas ferramentas atópanse no coñecementos destas tres disciplinas: harmonía, composición e análise desenvolvidas de xeito práctico no piano.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T3, T7, T15
COMPETENCIAS XERAIS:	X2, X7, X8, X17, X21, X22, X23
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EI2, EI3, EI4, EI5, EI7, EI8, EI9
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro, ANEXO II	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Potenciar a creatividade a partir do coñecemento e a práctica de técnicas improvisatorias a solo ou en conxunto.	T1 T3 T15 X2 X7X8 X17 X21 X22 X23 EI2 EI3 EI4 EI5 EI7 EI8 EI9
Adestrar a lectura, a memoria e a interpretación comprensiva a través da análise de cada un dos elementos que integran as obras musicais de diferentes estilos.	T1 T3 T15 X2 X7 X17 X21 X22 X23 EI2 EI3 EI4 EI5 EI7 EI9
Realizar a análise harmónica ao teclado de obras para piano, reducindo a textura polifónica ao seu esquema básico.	T1 T3 X2 X7 X8 X17 X21 X22 X23 EI2 EI3 EI5 EI7 EI9
Improvisar melodías, acompañamentos ou pezas xa sea libremente ou seguindo pautas establecidas previamente	T1 T3 X2 X7 X17 X21 X22 X23 EI2 EI3 EI4 EI5 EI7 EI9
Memorizar e desenvolver estruturas hármónicas extraídas de obras do repertorio clásico de diferentes estilos	T1 T3 X2 X21 X22 X23 EI2 EI4 EI5 EI7
Desenvolver a capacidade de análise en canto a estruturas harmónicas e formais se refire e comprender a importancia e posibles aplicacións prácticas no seu desenvolvemento musical	T1 T3 T15 X2 X7 X8 X17 X21 X22 X23 EI2 EI3 EI4 EI5 EI7 EI9



Desenvolver o pensamento consciente mentres se está tocando	T1 T3 T7 T15 X2 X7 X8 X17 X21 X22 X23 EI2 EI3 EI4 EI5 EI7 EI9
Demostrar o reflexos necesarios para resolver no momento as posibles eventualidades que poidan xurdir durante a interpretación	T1 T3 T7 T15 X2 X7 X8 X17 X21 X22 X23 EI2 EI3 EI4 EI5 EI7 EI9
Valorar a improvisación como unha práctica que desenvolve a creatividade e a imaxinación musical	T1 T3 T7 T15 X2 X7 X8 X17 X21 X22 X23 EI 2 EI3 EI4 EI5 EI7 EI9
Aprender a usar recursos tecnolóxicos para axudar a desenvolver a improvisación en grupo	T1 T3 T7 T15 X2 X7 X8 X17 X21 X22 X23 EI2 EI3 EI4 EI5 EI7 EI9 EI9

#### 4. CONTIDOS

1. Estructuras harmónicas, patróns. Creación melódica.
2. Motivos, semifrases, frases. Contrastes rítmico-melódico-harmónico
3. Cifrados
4. Reducción harmónica
5. Melodía acompañada. Improvisación melódica y harmónica.

#### 5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Práctica de aula: Traballo pormenorizado dos temas en clases colectivas. As clases terán unha compoñente principal de práctica ao teclado. Planificaránse as actividades de forma que se fomente a participación simultánea do grupo de alumnos, impulsando así o traballo colaborativo na aula.	Presencial	Permanente durante o cuadrimestre
Práctica individual: Adestramento persoal do alumno de todas as ferramentas e técnicas da práctica harmónica e improvisatoria ao teclado traballadas na aula. Comprenderá 1) análise do material musical sobre o que se traballa nas clases 2) preparación e adestramento dos recursos cognitivos técnicos e interpretativos necesarios para a práctica harmónica, repentización e improvisación	Non presencial	Permanente durante o cuadrimestre

#### 6. AVALIACIÓN

A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, ordinaria e extraordinaria. No caso de perda da avaliación continua o alumno/a deberá acollerse ao disposto no apartado de avaliación alternativa da programación docente correspondente.

Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestres da disciplina.